

## ¿QUÉ NOS PEDIRÍA UN AUTISTA?

Angel Rivière

1. Axúdame a comprender. Organiza o meu mundo e facilítame que anticipe o que vai a suceder. Dáme orden, estrutura, e non caos.
2. Non te angusties comigo, porque me angustio. Respecta o meu ritmo. Sempre poderás relacionarte comigo se comprendes as miñas necesidades o meu xeito especial de entender a realidade. Non te deprimas, o normal é que avance e me desenvolva cada vez máis.
3. Non me fales demasiado, nin demasiado apresa. As palabras son "aire" que non pesa para ti, pero poden ser unha carga moi pesada para min. Moitas veces non son o mellor xeito de relacionarte comigo.
4. Como outros nenos, como outros adultos, necesito compartir o pracer e gústame facer as cosas ben, aínda que non sempre o consiga. Faime saber, dalgún xeito, cando fago as cosas ben e axúdame a facelas sen fallos. Cando teño demasiados fallos pásame o que a ti: irrítome e termino por negarme a facer as cousas.
5. Necesito máis orde da que ti precisas, máis predictibilidade no medio da que ti requires. Temos que negociar os meus rituais para convivir.
6. Resúltame difícil comprender o sentido de moitas das cousas que me piden que faga. Axúdame a entendelo. Trata de pedirme cousas que poidan ter un sentido concreto e descifrábel para min. Non permitas que me aburra ou permaneza inactivo.
7. Non me invadas excesivamente. Ás veces, as persoas sodes demasiado imprevisibles, demasiado ruidosas, demasiado estimulantes. Respecta as distancias que necesito, pero sen deixarme só.
8. O que fago non é contra ti. Cando teño unha rabieta ou me golpeo, se destrúo algo ou me movo en exceso, cando me é difícil atender ou facer o que me pides, non estou tratando de facerche dano.
9. O meu desenvolvemento non é absurdo, aínda que non sexa fácil de entender. Ten a súa propia lóxica e moitas das condutas que chamades "alteradas" son formas de enfrontar o mundo desde a miña especial forma de ser e percibir. Fai un esforzo por comprenderme.
10. As outras persoas sodes demasiado complicadas. O meu mundo non é complexo e pechado, senón simple. Aínda que che pareza estraño o que te digo, o meu mundo é tan aberto, tan sen tapuxos nin mentiras, tan inxenuamente exposto a os demais, que resulta difícil penetrar nel. Non vivo nunha "fortaleza baleira", senón nunha chaira tan aberta que pode parecer inaccesible. Teño moita menos complicación que as persoas que vos considerades normais.
11. Non me pidas sempre as mesmas cousas nin me esixas as mesmas rutinas. Non tes que facerte ti autista para axudarme. ¡O autista son eu, non ti!

- 12.** Non só son autista. Tamén son un neno, un adolescente, ou un adulto. Comparto moitas cousas de nenos, adolescentes ou adultos aos que chamades "normais". Gústame xogar e divertirme, quero ao meus pais e ás persoas cercanas, síntome satisfeito cando fago as cousas ben. É máis o que compartimos que o que nos separa.
- 13.** Merece a pena vivir comigo. Podo darche tantas satisfaccións como outras persoas, aínda que non sexan as mesmas. Pode chegar un momento na túa vida na que eu, que son autista, sexa a túa maior e mellor compañía.
- 14.** Non me agredas quimicamente. Si che dixeron que teño que tomar unha medicación, procura que sexa revisada periodicamente polo especialista.
- 15.** Nin meus pais nin eu temos a culpa do que me pasa. Tampouco a teñen os profesionais que me axudan. Non serve de nada que vos culpedes uns a outros. Ás veces, as miñas reaccións e condutas poden ser difíciles de comprender ou afrontar, pero non é por culpa de ninguén. A idea de "culpa" non produce máis que sufrimento en relación co meu problema.
- 16.** Non me pidas constantemente cousas por enriba do que son capaz de facer. Pero pídeme o que podo facer. Dáme axuda para ser máis autónomo, para comprender mellor, pero non me des axuda de máis.
- 17.** Non tes que cambiar completamente a túa vida polo feito de vivir cunha persoa autista. A min non me serve de nada que ti esteas mal, que te encerres e te deprimas. Necesito estabilidade e benestar emocional ao meu arredor para estar mellor. Pensa que a túa parella tampouco ten culpa do que me pasa.
- 18.** Axúdame con naturalidade, sen convertelo nunha obsesión. Para poder axudarme, tes que ter os teus momentos nos que descansas ou te dedicas ás túas propias actividades. Achégate a min, non te vaias, pero non te sintas coma sometido a un peso insoportable. Na miña vida, tiven momentos malos, pero podo estar cada vez mellor.
- 19.** Acéptame como son. Non condicione a túa aceptación a que deixe de ser autista. Sé optimista sen facer "novelas". A miña situación normalmente mellora, aínda que por agora non teña curación.
- 20.** Aínda que me sexa difícil comunicarme ou non comprenda as sutilezas sociais, teño incluso algunhas vantaxes en comparación cos que vos decidis "normais". Cústame comunicarme, pero non engano. Non comprendo as sutilezas sociais, pero tampouco participo das dobres intencións ou os sentimentos perigosos tan frecuentes na vida social. A miña vida pode ser satisfactoria si é simple, ordenada e tranquila. Si non se me pide constantemente e só áquelo que máis me custa. Ser autista é un modo de ser, aínda que non sexa o normal. A miña vida como autista pode ser tan feliz e satisfactoria como a túa "normal". Nesas vidas, podemos chegar a encontrarnos e compartir moitas experiencias.